



Asunto: **Resolución de aclaracións ou dúbidas**

Contratación administrativa: **servizos para a xestión da vixilancia e o control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do Parlamento de Galicia.**

Pregunta:

---

en relación ao expediente de contratación SRI-PA-6/2014, lote nº2, di que para acreditar solvencia técnica se deberá xustificar documentalmente a formalización de contratos nesta materia por importe de 50.000 euros anuais durante os últimos tres anos.

Aínda que á hora de presentar o concurso a presentación de tales documentos se poida substituír pola presentación da declaración anexo IV, sí nos gustaría ir recopilando xa esa documentación por se nalgún momento nos fose requerida, e xúrdenos unha dúbida con respecto a ese texto: temos que xustificar esos 50.000 euros anuais para cada un desos tres últimos anos ou con que esté xustificado para un sería suficiente, i.e. se, por exemplo, no 2014 xustificamos 60.000 euros, sería suficiente ou deberíamos xustificar tamén o do 2012 e 2013?

Resposta:

---

Segundo o contemplado na cláusula sétima que rexe esta contratación, a solvencia técnica acreditarase, para o lote 2, mediante a xustificación documental da formalización de contratos nesta materia por importe de 50.000 euros anuais durante os últimos tres anos; **ou sexa, deberán xustificar contratos por importe de 50.000,00 € en cada un dos tres últimos anos (contratos por importe de 50.000,00 € en 2012, contratos por importe de 50.000,00 € en 2013, contratos por importe de 50.000,00 € en 2014).**